

MANUAL DE USO

O presente curso está creado para levarse a cabo nas aulas virtuais, creadas en Moodle, do centro educativo.

O curso está formado por 8 Unidades Didácticas Integradas (UDI) e están deseñadas para levarse a cabo en dúas modalidades diferentes, segundo a mestra ou mestre escolla. Unha das modalidades é seguindo a metodoloxía Flipped Classroom e outra é para levar a cabo de xeito presencial na aula. A túa mestra ou mestre ha de indicarche o inicio do curso cal das modalidades vai seguir.

No caso de tratarse da modalidade Flipped deberás que ter en conta que algún do material que aparece no curso é para ver, ler ou facer na casa e outro para levar a cabo na aula con pequenos grupos de traballo.

Todas as UDI presentan a mesma estrutura:



Para comezar: vídeo, plan de traballo e reto



Contidos da UDI: contido propio do tema, con información en documentos e infografías.



Tarefas e actividades: tarefa, cuestionario e actividades



Material Complementario: outro material para completar a información recibida sobre o tema (vídeos, documentos, imaxes...)

Se tes algunha dúbida, consulta ou aportación que queiras compartir, podes empregar o foro de cada unidade, chamado **Foro de dúbidas**. Alí, tanto a mestra ou mestre coma os teus compañeiros e compañeiras che poderán axudar. Do mesmo xeito, podes ser ti quen axuda ou responde ás demais persoas cando saibas como axudar. Se a túa dúbida non é sobre unha UDI en concreto, senón sobre algún tema xeral, podes empregar o foro de dúbidas que aparece xusto debaixo da cabeceira do curso.

É probable que a túa mestra ou mestre poña **datas para as asignacións**. Sendo así, has de fixarte na barra lateral esquerda nos prazos de entrega para facelo.

Ó final de cada tema terás que facer un **cuestionario individual** (dentro de Tarefas e actividades) que reflexará as aprendizaxes propias de cada tema. Por outra banda, deberás realizar nos grupos asignados na aula a **Tarefa** de cada UDI, que irá destinada a crear unha gran campaña publicitaria onde pretendemos concienciar á comunidade sobre hábitos de vida saudables e os seus beneficios. Tan importante é crear a tarefa e entregala, coma publicitala por todas as vías ó voso alcance cando remate.

Todo o material que aparece na aula virtual se pode descargar para facilitar o seu uso e estudo. Para facelo non terás máis que premer sobre o botón *descargar* que aparece en cada documento ou vídeo. Fíxate nas licenzas de uso de cada material (se o permiten ou non) no caso de querer para compartir ou reutilizar.